



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUMINISTRO E UTILIZACIÓN DE AUGA POTABLE.

Artigo 1. Fundamento e obxecto.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Paderne establece a Taxa por distribución de auga, colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, a que se refire o artigo 20.3 t) da citada Lei 39/88, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e de acordo co artigo 58 da citada Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2. Feito Impoñible.

Constitúe o feito imponible desta Taxa a prestación dos servizos de subministro de auga potable polo Concello de Paderne.

Artigo 3. Beneficios Fiscais.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

Artigo 4. Suxeitos pasivos.

1. É suxeito pasivo, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan usuarias ou que se beneficien dos servizos prestados por este Concello.
2. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. Base Impoñible.

A cota determinarase en función dos seguintes elementos que se determinan nas tarifas:

1. Por acometida á rede.



2. Cota variable en función do consumo realmente efectuado.

Artigo 6. Tarifas.

- 1-. Por acometida á rede.

Todo abonado, por acometida á rede, por unha soa vez satisfará a tarifa que a continuación se sinala, en función do uso a que se destine o subministro.

| | |
|---|------------|
| 1. A acometida á rede de auga potable, por vivenda unifamiliar, establecemento comercial ou finca agrícola que sexa autorizado para utiliza-lo servizo, gravarase con | 1.352,28 € |
| 2. A acometida á rede de auga potable por industria que sexa autorizada a utiliza-lo servizo gravarase con | 1.803,04 € |
| 3. A acometida á rede de auga potable, por obra que sexa autorizada con unha duración máxima de 12 meses para utiliza-lo servizo gravarase con | 300,51 € |

2.- Consumo

| | |
|--|---------|
| 1. Tarifa fixa por establecemento do servizo de auga potable, mantemento da rede, man de obra de conservación de contadores, ó ano | 18,00 € |
| 2. Tarifa de consumo de abonados domésticos, comerciais e agrícolas, por metro cúbico. | |
| 2.1 Ata 438 m ³ / ano | 0,00 € |
| 2.2 Máis de 438 m ³ /ano e ata 876 m ³ /ano | 0,20 € |
| 2.3 Máis de 876 m ³ /ano | 1,00 € |
| 3. Tarifa de abonados industriais, por metro cúbico | |
| 3.1 Industrias con superficie cuberta de 300 m ² (pagarán idéntica tarifa que a doméstica) | |
| 3.2 Industrias con superficie cuberta a partir de 300 m ² (por cada 100 m ² que | |



| | |
|---|--------|
| excedan da tarifa anterior, ampliarase os límites e/ou cantidades de consumo nun 10% a efectos de determinar o prezo por m3). | |
| 4. Tarifa de consumos de obras o outros usuarios | |
| 4.1 Ata 30 m3/ano | 0,85 € |
| 4.2 Máis de 30 m3/ano | 1,00 € |

Artigo 7.- Devengo.

Devéngase a Taxa a nace a obriga de contribuir polos conceptos fixos, incluídas tarifas mínimas, desde que se solicita a prestación do servizo ou desde que se utiliza o mesmo sen estar debidamente autorizado, e en consecuencia, desde que se inicie a posibilidade, por parte do usuario, de utilización do servizo. O período impositivo das cuotas sucesivas e polos consumos de auga coincidirá co mes natural, devengándose o primeiro día do mes seguinte, salvo en caso de baixa, en que se devengará a taxa o día da última lectura do consumo.

Artigo 8.- Devengo.

1. A xestión e recadación desta taxa corresponderá os servizos do Concello de Paderne.
2. A Formalización do contrato de abono supón a alta na Taxa. O cobro das cotas realizarase como máximo en doce liquidacións anuais, podendo agruparse períodos bimensuais, trimestrais ou anuais, sen que sexa necesaria a notificación das cuotas sucesivas que se deriven da súa declaración de alta, sen prexuízo da remisión do recibo correspondente cos detalles da súa facturación.
3. Para o non previsto nesta Ordenanza, aplicarase a Ordenanza Reguladora do Servizo.

Artigo 9.- Infraccións e sancións tributarias.

Para a calificación das infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Xeral de Xestión.

Disposición Final



A presente Ordenanza, aprobouse con data 26 de decembro de 2003. Comezará a rexir con efectos do día 1 de xaneiro de 2004 e surtirá efectos en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación.